

# A·R·Y·S·A··T·E·R·R·A

## BOLETIN DESENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

### PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. | Fora trimestre, 1'50 pts.  
Coste d'un número, 15 > América id.... 2  
PAGO ADIANTADO

### NUMERO 112

A CRUÑA 10 DE FEBREIRO DE 1920

### Redaición e Ademinsturación:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

## O Nazonalismo galego trunfal

### Impresiós e comentarios

O nazonalismo galego acaba de conquerir un novo trunfo. Pol-a primeira vez fixo un chamamento á vontade popular da Cruña, e o chamamento foi respondido con éxito.

Quixemos levar unha repersentación das «Irmandades» ó concello cruñés, e o pobo dounos os seus votos cheio d'entusiasmo.

O primeiro tanteio trocouse n'unha grande vitoria. Sin organización previa, sin gastar un carto, sin costume ainda nas loitas dos comicios, de dous candidatos que persentamos un saíu eleito y-o outro conseguió votación honrosa.

O trunfante foi Lois Peña Novo polo terceiro distrito, por un distrito democrático por aboengo, liberal e traballador.

Antón Vilar Ponte, inda que non levou acta pol-o primeiro—onde a loita foi rexa—co'a votación que conseguió, votación propia dos irmáns nazonalistas, puido probar como n'un segundo tanteio aquel distrito ha ser conquerido pra nós.

Agora comenzaremos a orgaizarnos dándolle a seición política—o mesmo que á agraria—tod'a importanza que debe tere.

O feito é que o nazonalismo galego conquirió por primeira vez unha repersentación oficial. Lois Peña Novo terá de ser un rexidor estórico, xa que resulta o primeiro rexidor nazonalista que houbo na nosa Pátria.

E agora o exemplo dado pol-a «Irmandade» crufiesa desexamos que cunda por outros pobos, cidades e vilas da nosa Terra.

O nazonalismo debe chegar a todo e meterse en todo. Porque o nazonalismo é unha doutrina nova afincada nas realidades biolóxicas. Doutrina compatible c'os maiores radicalismos e co'as ideoloxías mais tradicionaes. Porque oxe na Europa e n'outra s partes do mundo non se planteian senón problemas societarios e pleitos nazonalistas. Irlanda y Egipto, na Inglaterra; tódolos pobos escravizados na Rusia; Alsacia e Lorena, na Francia. Alsacia e Lorena acaban de dar unha proba d'amore á sua propia persoalidade. Vánse facer ou se teñen feito xa eleccións xeneraes n'aqueles dous novos departamentos que foron alemás até fai pouco. E os alsaciás e lorenenses, impuníronlle o centralismo francés os seus propios candidatos. Non quixeron aceitar nin repersentantes franceses nin representantes de seu que desconecesen os idiomas populares d'entrambos pobos. Arelan a nazonalización da sua concencia colectiva denantes de nada. E así dan exemplo lumioso a quienes com'os galegos temos unha persoalidá fonda i-un relevo estórico, esquecidos por moitos que aféitos á escravitude centralista obra da hexemonía ferrea de Castela, xa non saben vivire nin pensar mais que a través d'unha cultura allea, lastre de séculos que os inutiliza pra toda fecunda misión futurista.

Por iso é comenente que o nazonalismo gallego xurda e s'espalle avalado pol-a fervenza santa dos azos xuvenís. Por iso é xornada de gloria pra Galicia a do dia 8 na que os loureiros do trunfo cinguiron a cabeza do mozo irmán, loitador e rexo, Lois Peña Novo.

Contrastando co'a vitoria do nazonalismo galego, está a rota tristeira do republicanismo cruñés. O «Casino Republicano» da Cruña, dende fai longos anos solo sabía de trunfos i-éxitos. Agora viróuselle o santo. E nalgúns distritos onde os republicanos adoitaban a tere a vitoria, por esta vez trunfaron mauristas. Falouse por certos xornás da Cruña, da eisistencia d'unha «franca alianza» entre republicanos e nazonalistas. Non houbo somellante alianza. Os nazonalistas loitaron solos. E no primeiro distrito, si trunfou o candidato maurista e si o candidato graciprietista conquirió moitos votos, por mor dos republicanos foi, xa que c'un egoísmo condenable lle restaron sufraxos ó noso candidato Antón Vilar Ponte, que d'outro xeito abranguería o trunfo.

As cousas craras, cristaiñas e sinxelas. Os republicanos no pecado levaron a penitencia. Quixerón todo para eles, e a coalición monárquica arrebatoulles forza.

Aprenderán á sua costa?

\*\*\*

Os mauristas, pol-a sua parte, non poden estar moi fachendosos c'o seu trunfo. Este trunfo foi grande n'apariencia. Mais a realidade resulta vergonosa pra eles. Apóstoles da ciudanía se chaman—e a ciudanía xa se vai facendo verba cursi desque eles a empregan contianamente—e corrompen i-apodrecen coma calquer vello partido a concencia popular. Débenlle o trunfo que abrangueron, principalmente á merca de votos, á coacción sob'reos traballadores que dependen de patróns de reitistas, i-o viño i-ós xantares conque encheron i-emborracharon ás xentes do pobo.

Non trunfaron por amistades e simpatías; non trunfaron pol-a forza d'unha ideoloxía, senón gracias ó que xa fica dito. ¡Qué lles faga, pois, bô proveito o seu trunfo!

\*\*\*

¡E qué diciremos dos romanonistas? Na Cruña non tíñamos mais prosélitos do coxo Romanones que o Sr. Corbacho,

\*\*\*

\*\*\*

—o Sr. Longueira. E agora os amigos de don Leonardo Rodríguez intentan parvamente traguer á nosa Terra o noxento romanismo, por si non abondaran xa as pragas garciprieta, gasetista, bugallalista e riestrista.

Pois o romanista Sr. Suárez foi derrotado pol-o nazionalista Pena Novo. O Sr. Suárez gastou moitos cartos e nin así consiguío torcere a vontade popular. Sin dúbida porque o terceiro distrito da Cruña é o único xa democrático e liberal que nos queda.

\*\*\*

Non querían nin queren política no Concello os representantes das forzas «vivas» da Cruña.

¿Por qué, pois, se fixo unha coalición monárquica? ¿Porqué os xornais—agás «El Orzán»—recomendaban como a única candidatura honrada a da coalición monárquica?

E qué somente poden ser honrados e bons cruiñeses os monárquicos? E que non se incita d'este xeito á loita política, dentro do concello, a cantes non sendo monárquicos teñen ali representación?

Do «Ideal Gallego» non'os estrañou esta aititude. Da «Voz de Galicia», tam-pouco. ¿Pro a d'«El Noroeste»? Despois de berrar moitas veces este xornal dicindo que o maior nemigo da Nosa Terra era o garciprietaismo—¡oh, Sr. Acuña!—non se cansou de recomendar que votasen a candidatura de coalición monárquica onde había un representante do marqués das manteigadas d'Astorga.

Vivir pra vere...

\*\*\*

Quedamos, pois, os nazionalistas como unha força pura, sin lixos nen estoria cheia de máculas. Quedamos os nazionalistas que non somos nin monárquicos nin republicanos, pro que fumos e hemos ser sempre, mais liberaes, mais democráticos, e mais radiantes en senso sociolóxico que ninguén, pra impôr a verdade e facer meiant-a verdade libres ós homes galegos. Quedamos os nazionalistas como unha esperanza de redención e como unha forza fonda e indestrutible de progreso.

O nazionalismo santo é a bandeira erugueita pol-o mecedade galega nos curtos mais outos do idealismo trascendente que frolece na nosa Terra logo de tere sido sementado con moitos traballos e suores pol-os irmáns da Fala que Risco chama xustamente os «primitivos».

¡Viva o nazionalismo galego! ¡¡Terra a nosa!!

## Visión madrileña

Mil novecentos vinte. Xaneiro. Ceo de Madrid, limpo, sin néboas de inverno. Fálase de eleccións e de crisis. Non hay tabaco mais que pra ises homes serios, quasi tráxicos, que agardan na rúa, sumisos aos «romanones».

Mais xente que antes. Da a capital n'iste momento algido da España, a sensazón d'unha grande vila elástica, inda que todos sabemos que a nova xente é xente sin traballo—a outra xa o era. Non desconocemos tampouco a parte que falla ni'sta masa homoxénea e linfática de Madrid, que non é unha Sociedade; a sociedade consta de armonías, en que todo o dubidoso das actividades individuais é desvirtuado polo destino, e oposizons de sexo, de idade e de temperamento. A única armonía que foi posibre en Madrid antes de se exteriorizar a opinión militar, foi a unanimidade de xuicio sobre a negra política. Mais de aquello pasaron días: escurreichouse o tema. O mesmo «dandear» leva ás portas de palacio aos mesmos homes. Pol-a Castellana pasan as mismas figuras femeninas engruñadas nos automóves oficiais...

Tdo paresce un son, mais agora non é de unanimidade. As maus de don Juan de La Cierva pidindo o poder, señalan o adevenimento da inecuación social que o dictador quere combater. O diálogo entre políticos é xa un tremendo boxeo.

Mais, qué fan os pensadores? Homes sereos e consellados, calan. Por qué s'alonxa o pensamento cando se desengadella a humanidade dos ritmos normás da vida? Os pensadores, ises homes cuíos libros lêmos na paz das nosas horas d'estudo, están en posesión d'unha verdade qu'inda non foi convertida en tópico parlamentario: nada, nin a ciencia mesma, pode cinguir a realidade social cando a vida fai eclosión n'isas periódicas transmutazóns humanas que veñen de outas forzas segredas e que nada poda prever.

Renán supoñía que o home atopou no mundo demasiadas cousas feitas e qu'as suas facultás creadoras tiñan pol-o mesmo de atrofiarse. Non responde aquel pensamento ao senso da loita actual? Pol-o menos conveñímos en que tanto os políticos com os super-homes da «Casa del pueblo» están convencidos de que a ciencia i-o fin científico da política vai esgotado; pro si antes non tiñan fé nas facultades creadoras, no senso positivo d'actividade humán, agora que se sinten un pouco iconolastas, non teñen fé na destrucción.

Toda-las mañás xúntanse os obreiros na Porta do Sol. Pouco a pouco van chegando das grandes rúas en fatos numerosos. Logo... nin falan. Toman o sol. Cando dan as doce, por costume, vánse outra vez pasenijo. Non pasa nada.

E ises homes no fondo son os que se noxan e desconfian dos pensadores, porque desconfían da concencia da sua limitazón e da concencia da limitazón das suas posibilidades, sen pensar que ela sería a que poidera darles o que non acharán por si mesmos: a fé no destruir, coma Deus lle deu ao primeiro home a fé no crear, e o Cristo mesmo buscaba en si a fé, a virtude necesaria pra facer milagres. «E logo—dí o evanxelio, Marc, 5, 30—«coneceu» en si mesmo a virtude que safra de él...»

XESUS CARRACEDO.

## ¡CRUCIFICADO!

Por fin, o noso querido amigo Viturro o nemigo dos piornos «antiestuosa a la faz de los caminos» foi agasallado como merecía. Fai tempo que él arelaba unha recompensa ós seus actos de «ciudadanía» que ven facendo dend'a honorabilissima Diputación provincial. Foi condecorado c'a Cruz de Isabel la Católica. Ben merecida a tiña, outros andan por ahí lucíndose sin tel-a merecido tanto como él. O que non sabemos de fixo é porque acto lla dieron. Si foi pol-o das quintas, pol-o do piorno do pai de Castelao ou pol-o qué. Seguramente sería por todo xunto, e tamén pol-o de Nebra.

Que lle sirva de porveito, que Dios lla conserve moitos anos e que siga facendo das suas até conquerir o Toisón d'ouro.

Que o Toisón d'ouro é o premio mellor pr'ós caciques: pol-o do borrego que leva pendurado.

I-a cruz de Isabel la Católica, foi a cruz onde a libertade de Galicia ficou «crucificada» até oxe dend'o século XV.

Mais nós traballos pra que a Nosa Terra poida axiña agasallar a cada cacique co'a cruz que ten merecida.

Prégase a todolos suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a reclamación no correio.

Prégase asimesmo aos que tienen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

# Miña Galiza

## I

Combato eu por unha Galicia d'onte! Son eu, da Galiza que pra sempre esvaiu-se entrás brétemas do pasado!

«Vivir entre recordos é vivir entre mortos» di o noso povo! Non certamente, eu non vivo no pasado, cheo de exquisita malenconía, ja qu'eu arelo pretadar, na miña esistencia un futuro mellor e mais grande!

## II

Miña Galiza non é a que foi; é a que será; non é a d'onte; e a de manán. Se grande foi a nosa Estoria, mais grande pode surdir o futuro noso! E a Galiza do porvir na sua florescente persoalidade a qu'eu arelo e amo, a Galiza, pedra prezosa de civilización humá!

## III

O mañá non será como o hoje. Non acaia a monotonia á vida criadora, e sempre nova e värea. O pasado esálta-se no futuro, renovado, fecundado, com'un tema n'unha sinfonía inagotable! Cusemos os novos camiños e como sorrin ao florir os nosos campos renascentes, alénde-se as nosas almas no albeo miraculoso da nosa esencia!

JOHAN V. VIQUEIRA.

## Cartas da aldea

### O home tolo

Meu cabaliño leal, tí estarás quedo no teu acomodo, comendo ben e descansando mellor. Cando a tempestade brua medoñenta e o pedrazo repenica nos vidros das fenestras, síntoche mover embaixo na coadra, cal se quixeres facérimese presente a tua gratitudde por non che sacare do abrigo do teu establo. Non, meu cabaliño, ti non andarás por esas frías veredas conmigo ao lombo á caza de votantes, n'unha entroidada vergonzante e doorosa.

Os teus semellantes pasan abatidos e mollados, trotando tristemente e zaran-deando aos seus amos fachendosos, en-voltos en longos encerados, buscadores incansabres d'os probes labregos pra ofrecerelles algo e ameazalos moito.

Tempo d'entroido. Fagamos e comamo filloas que é a época d'elas. E época tamén das entroidadas. O Goberno central non poido facere cousa mellor que convocare a elecções n'esta tempada. Gracias a él tivemos as nosas corre-doiras, camiños e rueiros animados de

cote con comparsas adivertidas de lampantins que facíanse os salvadores da patria, prometendo montes e moreas, ou sentíndose Neróns poiderosos e vengativos.

Desde o meu balcón, vexo pasar es-tas comparsas. Nelas abondan os des-preocupados; algúns son boas perso-nas que no teñen outro mérito que o uso e abuso da ingratitudde e a des-aprensión.

Os paisanos son detidos nos sendeiros, buscados nas casas, pillados nas agras, e atracados en todal-as partes. Non hay medio de fuxir d'estes entro-dos embromadores. Si algún pode aga-chárese n'unha cova oculta durante a semana, ten que caere irremisibreme-te no adro cando vaia á misa o domin-go.

O certo é que esta febre cacheadora e pedichóna, ten a ventaxa inmen-sa de que non é preducida por unha arela de melloramento, nin pol-o mesmo, ten consigo o peso asoballante d'unha ideia.

Así son mais adivertidas estas entro-dadas.

O infelís que leve un programiño, perdeúse. O que haxa caciqueado honradamente, no que cabe, fundéuse, por-que todal-as crías da sua fecunda niñiada revíranse contra él e sácanlle os ollos. A' sua conta independízanse, levántanse e buscan tallada. Eles ben saben que a honradez non mantén a ninguén.

Hay que adivirtirse, que estamos no tempo d'entroido.

Onte pasou un home que debía estar tolo. Predicaba cousas raras diante dos aldeáns, e mofábase dos cabaleiros infatigabres. Estes tiveron que prende-lo, porque as xentes contaxiábanse coasúa tolemia.

A noite o meu contertulio Goríño xa estaba un pouco tocado: Falóume das xuntanzas dos homildes e asoballados; nomeóume vergoñas e dixo non sei qué l'unhas luces misteriosas que s'alcen-dieron aló lonxe e veñen pasenxo cara nosa Terra.

O meu nobre cabalo relinchou, ale-gré. Chovía, ventaba; ao lonxe ouíase o rouco rumor da costa brava. O mar batíase carraxento e incansabre contra os outivos penedos. Había na ribeira lóita feroz. O mestre das rebeldías nobres e santas estaba facendo unha conferencia inspirada na noite tóbrosa, adicada toda aos dormichóns e mansos habitantes da Terra asoballada.

Goríño entendéu aquel lingoaxe so-berbo, e c'os puños pechados, soupo maldecir e ameazar.

Gracias a Deus. Xa hai un home al-deán que maldice.

Pol-o rueiro pasa un fato de xinetes. E a antroidada que busca escravos.

Meu cabaliño leal, tí estarás quedo no teu acomodo, comendo ben e descansando mellor. Cando o mar non teña xa a quen deprender a guerrear, e Go-riño corra pol-a campía coa fouce er-gueita e ameazante, levarásme enriba de tí; brincando ledo pol-as estradas longas d'unha terra ceiba.

GONZALO LOPEZ ABENTE-

Muxía, Xaneiro de 1920.

## Follas Novas

### Un libro moi interesante

Acaba de se publicar o libro «La Torre de Hércules», que tíñamos anuncia-do, do noso querido amigo o ilustre pubricista D. Francisco Tettamancy e Gastón. Trátase d'un libro moi inte-



resante que todol-os homes doutos afei-roados a cousas antigas lerán gustosos:

Poucos como Tettamancy fixeron pol-a reconstitución da nosa Estoria. Os volumes que leva publicados merecen as mais sinceiras loubas dos galeguistas entusiastas. Gracias ó señor Tettamancy salváronse do esquecemento muitos documentos preciosísimos. A fecundi-dade d'este bô galego, d'este «vir bonus», cheo de cultura estórica e lóxico formidabre no desenrolo das téses que trata, é das que causan asombro.

Si temos veteranos nas letras galegas, un do mais dinos de gabanza é D. Francisco Tettamancy a quien deberán venerar todol-os mozos cultos i-en-tusiastas da nosa Terra. Don Francisco Tettamancy, xa non d'agora, senón de fai tempo, merez un homenaxe cordial, ateigado d'agarimo, de cantos se-chamen galegos e seian galegos por al-go mais que pol-a razón do nascimento.

Nosa embora saída da i-alma pra don Fuco Tettamancy, pr'ò simpático e querido mestre.

## Trunfo da música galega

# "ESTRELECKER"

do mestre Doncel

A orquesta d'instrumentos d'arco da Filarmónica cruñesa, composta por queridos convecíños nosos, dinos das más grandes gabanzas, estrenou o boceito de poema sinfónico nomeado «Estrelecker» de Pepe Doncel.

Que foi un trunfo persoal pr'ó simpático compositor, querido amigo noso, ninguén o dúbida. Mais ainda en col d'esto foi tamén un trunfo pr'a música galega.

Despois das notabre e populares baladas e composicións dos que poderíamos chamar «precursores», coma Montes, Adalid, Chané, Piñeiro, Baldomir e algúns mais—lémbrémonos de que varias fermosas melodías de Baldomir son universaes—, este ensayo de Doncel ben a probar de que xeito hásé acabar impónendo como raiña e soberana, por Europa adiante, a nosa música.

Doncel conquireu moitas xustas gabanzas de cantos escotaron e ovacionaron seu traballo. A sua modestia ficou desencantada; o seu azo ficou disposto pra os meirandes estímolos. Y aquí tendes como este notabre músico, qu'é moi novo ainda e que sabe moito y-estuda moito pra sabere moito mais, axiña poderá codearse c'os mestres de maiores soa na Hespaña.

«Estrelecker» é a glosa d'un alalá, feita con sumo arte, e c'un domiño grande da técnica. Doncel demostra co'a sua primeira producción sere, tanto com'una realidade prausibre, unha enorme esperanza pra levar ó cume o lirismo espréndido da nosa Raza.

Na futura Estoria da música galega, ha figurar o mestre Doncel por direito propio.

Algúns «amateurs» intelixentes nos teñen ofrecido impresións e xuicios sobre o boceito sinfónico de Doncel, e pol-o mesmo nosoutros oxe finamos estas liñas mandándolle unha aperta querendosa ó novo e simpático mestriño pra quen deseiamos e pidimos os maiores loureiros.

## QUEIXUMES

Cando me erguín aquela mañán dixérionme que Delores a irmán de Agustina a caseira, estaba a morrer. Era moza y-era mozo o seu home. Tiñan catro filliños, y-un d'eles o mais pequeno

tamén estaba—probiño—morrendo com'a nai.

Pra escorrenta-la tristura funme a tomal-o sol n'a solaina, n'unha mañán de Marzal. A aldeia, os montes y-o ceo cheiraban a medio día. Fume n'os tellados, chamadas n'as leiras.

Po-l-a corredoira á veira d'a miña casa baixaba Manuel o home d'a muller enferma, o pai d'o meniño doente. Levaba un gueipo no brazo. Subiu un valo, entrou n'a horta e foi collendo axiña berzas e berzas, atou dúas cepas, cargou c'o gueipo y-unhas vides e siguíu pra outra leira súa a coller mais...

Eu, home de cidade e de cultura, sentín unha ferida n'o curazón ó lembrarme d'a muller e d'o meniño loitando co'a infermedade soilos n'a casa. E pensei como outros pensan que o amore y-os sentimentos somentes xermolan e s'afian co'a cultura...

O criado chamóume pra xantar. Todo iba ben. A miña vella sirventa, a Ramona, esperaba pra me servir a coeñada qu'arrecendía ó lonxe... Non fun ruín. Lembreime de Manoel.

Manoel o home da muller enferma e d'o rapaciño doente non tiña criados. Si él non traballaba a probiña da dona y-o malpocadiño d'o fillo morrían. Mentras eu xantaba ainda Manoel tiña que carrexar auga, munxi-l-a vaca, facel-o caldo e poñer unhas mariñas... Manoel non tiña tempo pra se layar, nin pra dar consolo anque se lle roera o curazón.

Hay probiños n'o mundo que nin se poden decatar d'o dolor, qu'é o gran consolo de todo-l-os magoados pola vida.

## Home viaxeiro

Boteime a camiñar po-l-o ceo, brincando d'estrela en estrela, correndo po-l-as estradas d'a lús e dos ensonos.

Respiraba n'o aire d'a Terra-Un amigo dixome qu'estaba cabeza abaxo c'un pé n'o Pegaso y-outro n'o Cisne e c'os heizos y-os ollos n'un anaco d'Europa.

Seguín brincando d'estrela en estrela.

Caín n'un cometa que me serviu de skis por algún tempo, un aerolito fixo de balón despox... Na inmesidade infinita tamén había con que xogar. Sentíame cuasemente liberado. Cheguei a comprender que o mais intenso movemento confundese co'a infinita quietude.

Os meus pés foron trazando unha tan longa estrada como ningún xenial tolo pudera maxinar. Mais eu seguía respirando o aire da Terra, y-os meus ollos ainda vián a beleza, os paisaxes, as mulleres, a miseria... Ainda ouvia falar os faladores e sentía nos heizos e noxento

aire d'as cidades.... Petaba o meu corazón irmán d'os reloxes, batendo no Tempo.

Pra me liberar d'unha vés, bulín moi-mais, fixen c'o meu camiñar unha órbita ausurda, briquel por riba d'a Aguia, e de Sirio.... Cheguei a cansar... Tiña razón o meu amigo.

A miña cabeza estaba na Terra, sempre na Terra y-era o incommovible centro d'a órbita qu'eu fixera.

Eu era un home e nin as estrelas, nin os cometas podían arrincar a miña testa d'a Terra pra leval-a ó Ceo.

Pra bicar o Ceo e respirar n'o seu cumio era preciso qu'os meus pés asentasen fortes n'a Terra e que camifasen moito polo mundo. Pra desfacerse do tempoiña moi que bater o curazón... E namentes os ollos insaciabres tifan a saudade d'o viaxe que fixeran os pés po-l-as estrelas

ANTONIO LOSADA Y DIEGUEZ.

## AO RIVÉS

A "Voz de Galicia", a vella cotorrona, dí que o concellal nazionalista saiu pola axuda dos repubricanos.

Quen quixo saír concellal polo 3.º distrito co'a axuda dos repubricanos foi un garciprietista.

I-a "Voz" non poderá desmentirnos.

## As veladas da Irmandade

## Shakespeare en galego

No teatro da "Irmandade" estrenouse o arrebro, en galego, da fermosa e chistosísima comedia de Shakespeare "As alegres comadres de Windor", baixo o título de "Xan entre elas".

O coadro de declamación da "Irmandade"—composto por lindas donas e rapaces intelixentes, que dirixe o verdadeiro artista noso querido Irmán Lois de la Fuente—puxo a obra ná escea con moito amor.

O público que enchia o local se non fartaba de reir de coás bromas terribres que sofre o imenso Falstaff.

De tres actos e cinco coadros consta a comedia, e a tramoya faise rápidamente como non é adoptado nas representacións de aficionados.

O derradeiro coadro, unha broma no antroido, resulta pintoresco e vistosísimo.

"Xan entre elas", a petición de cantos asistiron ó estreno, vaise repetir o proximo domingo.

Lea vostede  
A Nosa Terra

## REFREUXIÓS

Se che gust'a divirsión  
E nemorar costureiras;  
Che fai callos o ligón,  
E tel-as uchas valeiras...  
*Non sei que che diga Antón.*

Se tel-o libro empeñado;  
E andas mirand'os baleóns  
Se bebel-o grolo otrado  
E no'estudial-as leucionás.  
*Valche mais gardal-o gado.*

Se tral-a cabeza tolá  
Co-a loqueira d'ir pr'Habana,  
Pra'ndar alí de galvana...  
*Era boa pr-o non cola.*

Se che fai gracia escopeta,  
E figurar nos concellos,  
Traguer moi fin'a chaqueta,  
E lle das creto a consellos...  
*Non tes moi ven a chaveta.*

Se tel-a facend'allea,  
I-os fillos moi festexeiros  
Taberna preto n'aldea,  
E te tratas con larpeiros...  
*Non terás casa moi chea.*

S'es rico pol-a muller  
E non tes ti unh-a cadela;  
Ou te casas por querer  
Sin ter mota tí nin ela...  
*En los fregados te has ver*

Se tel-a casa arruinada,  
E estás debend-ó cacique;  
A leira mal traballada,  
E andas sempre de palique...  
*Non me dá boa espiñada.*

Se tes muller preguiceira  
Entendida en cartumaneira  
Comadre da taberneira  
Faladora e someteira...  
*Douche a Dios tod'a ganancia.*

Se te casache e-un vello  
Tan soilo por mor do cobre  
Pra axenciar novo fiarello;  
Quizáis non romp'o vencello...  
*Ou tal ves a vello sobre.*

S'es alcalde de monteira,  
Sanxistán moi labeante,  
Abogado da silveira,  
E amigo do preiteante...  
*Mal andará a sementeira.*

S'es médico sin mocadas,  
Crego sin mandas de vellos,  
Cacique sin larufadas,  
E squirbanos sin querellas...  
*Non vos ei ver panza inchada.*

S'es abogado sin preitos  
Pulítico moi honrado  
Siñor de calzós estreitos  
Ou poeta disgraciado...  
*Valche mais ir os... fiestos.*

RAMON GOLPE SANCHEZ.

20-1-920.

## Do caciquismo

### En Mondoñedo

#### como onde queira

N'estes días fixéronse as elecções de concelleares. Os caciques esganáronse terranxa naide fai caso de tales verbas; están tan cansos d'ouvilas!... e vironse negros pra conquerir votos.

Os xornais "Aución Social" e "Mondoñedo" rifan coa "Voz de Mondoñedo" qu'é un xenio: y-a "Voz" pol-o seu lado tam poco cala, inda qu'e sola, fai ela más barullo que trinta saca-moas xuntos.

Os d'a "Voz" chámallaos caciques os do "Mondoñedo", e istos chámallaos nesmo os outros; e nengún minte, porque todol-son; todos falan da xusticia, do direito do ideal-de que están goros-da independenza do labrego e de moitas, más cousas qu'enchen-a boca; pro todos sabemos qu' esas verbas, fofas e valeiras de realidade na boca dos caciques, non son más que... verbas.

Algúns caciques, más praticos q'os que berran, xuntaron, cando sobraban, feixes de cigarros, decatándose quizás do que para hoxe, y-agora sementan cigarros e recolleitan votos.

Estes poiden ter a seguridá de qu'han de ser elixidos: eiquí polos cigarros venden os labregos o voto y-a concencia.

S'a causa non fora tan noxenta e baixa, faría rir a calquera.

¿Non se decatan os eleitores que venden, o vendel-o voto, as escolas a que tefien diríteo os seus fillos, os camiños veciñas e moitas outras cousas que lles fan falta? ¿Son tan parvos que non conozan a trascendenzá de voto que dan a catro caciques sen vergüña, pra que mañá lles ate o peccozzo coa corda dos consumos que os afogue...?

¡E despois inda s'han queixaren dós caciques!

Non digo esto soilo prós de Mondoñedo; vai con todolos galegos, que n'e somertes Mondoñedo onde os caciques fan o que queren dos intereses do pobo, non caseque en toda Galicia fan o mesmo, y-eso por culpa dos mesmos labregos que renegan d'eles.

Conque xa vedes labregos, non queirádel-as causas, e non teredes qu'aguantálos efectos.

¿Quen dixerá qu'os labregos galegos chegarían a vender seus ideais por algunos cigarros? ¡Pois eisí non se chegá a redenzón da Terra nin se sacode o xugo castelán!

— ENRIQUE BATÁN

## Liñas de loito

Mondoñedo 30 de Xaneiro de 1920

Nos derradeiros días do Xaneniro, finouse D. Nicandro Fariña, un dos homes mais queridos e populares na Cruña.

Era D. Nicandro a bondade feita home, bó galego bó cruñés e cabaleiro hospitalario.

Loitador incansábre e espírito organizador ocupou cáregos moi importantes. Xefé da acreditada casa consignataria de Cruña tiña a representación das compañías de vapores General Trasatlántique, Nelson Line e Vaseo-Andaluza conocida polos Cabos. Soupo conquerir pra o seu nome os maiores prestixios, a mellor herencia que deixa aos seus fillos Eduardo e Andrés nosos queridos irmáns, con quen sentimos a perda de cabaleiro tan honorabre.

Acougue na paz.

\*\*\*

Segun unha circular que chegou as nosas mans, sabemos coa agrado que, a casa seguirá rexindo co mesmo nome "Nicandro Fariña" e estarán ao seu carrego os fillos do finado D. Andrés e Eduardo Fariña Dalmau homes de cultura mercantil herdeiros do talento e laboriosidade do finado D. Nicandro.

## Prosas galeguistas

### Dándolle voltas

#### a un centenario

Dixo Carlyle que a grandeza dos pobos, mídese polo culto que renden os seus grandes homes. Entón, o pobo mais grande do mundo é o pobo galego: centenarios, veladas, banquetes, lápidas, estátuas, bustos, hainos eiquí pra grandes e pequenos... Moitas cousas se nos poderán votar na cara, mais de lle non pór sofiques os nosos hermes eso non.

Ourense, sen mais, ten, no espacio dun kilómetro cadrado, unhas quince lápidas, duas estátuas e un busto. Diante de todas camparon as camisolas de brillo dos señores do concello, dos catedráticos e mais dos diputados provinciales. Diante de todas fedeu a natalina que é o incienso das procesións cívicas.

Se fixéramos unha estadística dos homaxes en vida e das ceremonias memorativas que se levan feito en Galicia nos derradeiros cinco anos, díctaríamonos de que somos un gran pobo... Mais que s'houberámos botado abaixo os caciques. ¡Bó! Tamén os caciques se ll'erquen moimentos, cecais

pra que sigan caciqueando en efixe...

Lembrome agora qu'houbo un escritor francés, León Bloy qu'escribiu un artigo titulado «La colère de l'airain», eand'en París lle fixeron unha estátua a non m'acordo que persoaxe librepensador e revolucionario... Pois, xiquera en Ourense, tocoulle ó P. Feijóo í-a Consuelo Arenal; mais haios estátuas en Galicia, das que era mau d'escribir imitando a León Bloy: «A risa do bronce».

Mais non somente lle pómoxos sofiques ós nosos hermes, senón ós alleos. Cervantes, o ídolo dos mestres d'escola, ten fonte e plaza en Santiago, lápida e rúa en Ourense e non sei que mais terá por elí adiante. En Ourense, houbo un concejal qu'atopou ridiculos os nomes antigos das rúas, mais que nada por estar escritos en galego, e propuso que se trocaran. Dito e feito; colleron un epítome de «Historia de España» de Paluzie, e valeirárono por riba do plano da vila. Dend'aquela, estamos mellor que queremos; temos «calle de Don Juan de Austria», «calle de Moratin», «calle de Viriato», «calle de Lepanto», «calle de Padilla», «plazuela de Topete», etc., etc. Non fallan mais que Tubal e Tharsis....

Na intelectualidade galega, hai moitos que andan sempre metidos n'estes entroidos creando unha Galicia cursi e provinciana que levamos presa ó lombo como aquil cartel c'un burro pintado que nos pufian na escola, vergonza pr'ós inocentes e pr'ós que teñen a culpa.

Centenarios, veladas, banquetes, lápidas, estátuas, bustos, procesións cívicas, certames, xogos frorais, son as campañas do noso traxe d'Arlequín.

VICENTE RISCO.

## Poetas estranxeiros

(De Augusto Augellier)

### As caricias dos ollos

De todas las caricias,  
son as d'os ollos a levar a palma;  
alcanzan súas delicias  
ó os derradeiros límites da i-alma,  
e, ó seu poder, o corazón humano  
n-acobillou xamáis níngún arcano.

E' o mais puro beijo,  
en comparanza, estúpido embeleixo;  
sen lingoaxe sin voz, con doces modos,  
gala millor que todos;  
dinos algo d-eterno e de divino,  
algo d-orixe celestial, que a veces  
entre d'as lobregueces  
do noso ouscuro sé abré o camiño.  
Envollecen os anos destructores

noso semblante mais ningún quebranto  
sofren d-esas caricias os fulgores;  
feitas adrede par-o amor y-o encanto,  
brilan sempre, do tempo trunfadoras,  
e n-as mais tristes horas  
inda nos gustan a través do pranto.

(De Hebbel)

### O neno do pozo

Ama, o neno está desperto;  
hai que erguerse axiña, ama;  
xa cantan os paxariños  
y-o sol da bicos n-as ramas.

Ama, o neno xa está ergueito;  
olle, qua o neno s-escapa;  
vai correndo pol-a horta,  
camiño do pozo, ama.

Ama, qu'o pozo é profundo;  
da collar froles se cansa,  
e xa no pretel s-apoya  
e mira ó fondo da y-auga.

Ve que outro neno lle mira  
e non se sorprende, ama,  
y-anqu-e él, como-o non sabe,  
bótalle beixos á cara.

Canto mais se inclina o neno  
a imaxen do fondo avanza;  
«vai a rubir»—él medita—  
«ou quizaves dime: baixa».

As froles, d-entr'as súas mans,  
unha tras outra s'escapan,  
y-o caer creban a imaxen,  
en círculos transformada.

«Afogouse»,—pensa entonces.  
Con esta idea s'espanta;  
siente un raro escalofrío  
e volve correndo á casa.

ROBERTO BLANCO TORRES.

## A Música popular da Galicia

### Traballo interesante

Dime as cantigas d'un  
povo, e direiche as suas  
leises, os costumes e a  
sua Estoria.

Este dito dos ingresos, nunca terá  
tanto fundamento como apricándose a  
Galicia.

Canto fumos e somos os gallegos, dí-o  
de maneira crara e termiante a nosa  
música do povo.

O mesmo sucede a moitas pátrias;  
más fóra de toda dúbida, os fillos do  
Norte son os que teñen privilexio no  
divino arte.

Esas cantigas de autores desconocidos,  
xurdidos das fantasías ignoradas e  
herdados de pais a fillos como santo  
herdo vinculado no país, son o símbolo  
das nosas aspiracións que é o carácter  
distintivo do descendentes das antigas  
tribus gaélicas.

Anos tras anos, a historia presenta  
dotados de perfecta organización mu-  
sical a os nosos maiores, dende o sécu-  
lo que cantou o poeta de Itálica até a  
Edade Media, na que tfñamos un idio-  
ma, unha literatura e unha música pro-  
prias, xenuina da rexión, e tan estreitamente  
axugadas a ela como o fondo  
e a forma no orde metafísico.

A nós chegaron aquelas inspiracións,

por mais que moitos sintan perdidas  
e algunas teñen sofrido troques, por  
mor da tradición. O tesouro, sin em-  
bargo, existe, e existe desconocido sen-  
do esto o mal maior.

Non é preciso de disertacións, somen-  
te con botar unha ollada ao momento  
presente da crítica na estoria e na  
estética, comprenderáse que é preciso o  
fixar pol-a notación a música popular  
gallega.

Esta é unha das fontes mais ricas de  
luz pra alumear o noso oscuro pasado.

E concedido por un istante que así  
non fose, non tería tampouco razón pra  
deixar o estudio das nosas cancións,  
por canto ten un mérito especial que  
as d'outro países non teñen.

Elas retratan a raza, propiedade do  
primeiro orde, que non negaremos á  
música popular estranxeira. E retratán-  
nas, presentando formas tan varia-  
das e diferentes entre si, que causan  
maravillas: Eiquí a dote exclusiva das  
cancións gallegas.

Todas as do Aragón teñen unha me-  
ma base: a «jota». Todas as da Viz-  
caya desenrolanse sobre un mesmo tema:  
o «zortzoo». Todas absolutamente todas  
as Andaluzas son variacións de un mo-  
tivo primario: o «fandango».

A única excepción que estas poden  
alegar, confirma a regla, pois a «caña»  
é un canto flamenco puro. (1)

Galicia, polo contrario, garda un  
caudal de inmensa variedade, efecto  
das diferentes razas que colonizaron o  
país e o diferente oceano que acobilla o lu-  
gar ou lugares onde se desenvolla a ins-  
piración.

Más non desfán a unidade estas cir-  
cunstancias.

A melodía do val e da montaña, a da  
riveira cántabra e da oceánica, a do  
pracer e da melancolía, a do amor e  
a religiosa, a que se toca e a que se  
canta, poderán «cristalizar», digámolo  
así, en figuras geométricas opostas. O  
corpo ten de ser sempre un e o mesmo.

Na diferenza específica do cantar de  
Lugo e da Cruña, de Padrón e de Tuy,  
atópase o género único: Galicia.

A «gaita», céltica polo nome como  
pol-o uso, acompaña o coro unísono  
dos campesinos.

E abofé que a gaita enseña a más  
d-un mestre pretencioso a compoñer  
música propia do povo: aquela nota  
grave que chaman os labregos o «ron-  
cón» e que conocese no cotrapunto  
por nota «pedal»; aquela nota que e-  
craramente a tónica d-unha melodía  
cuíos períodos non admitem mais acor-  
des que os perfectos maior ou menor;  
aquela nota, tida decote como simboliza-  
ndo a lei do arte en armonía co capri-  
cho da natureza, refrexada esta no  
canto e aquél no acompañamento; aque-  
la nota, decimos, pode valer pouco pra  
o indiferente ou o crítico vulgar e val-  
na realidade pra un juez discreto toda  
unha lección de Conservatorio. Non hai  
na Galicia música «exprofeso» pra ejec-  
utarse sola: vai sempre unida á poesía.  
Esta é a razón porque non pode  
escrebirse de unha sin tratarse da ou-  
tra. Mais prescendendo no posibre d-ese  
consorcio (digno da atención más es-  
crupulosa) e vendo de xuzgar a música

(1) O Musicólogo D. Xulián Ribera,  
ven hoja estudiando a influencia das can-  
tigas populares gallegas nas melodías  
dos árabes de Andalouz.

sola, sentemos por principio a sua doura, soavidade e melancolia.

Falamos en serio, ténfase presente: Nin escrebimos pra o vulgo, que non se dá contado que se pesca, nin pra os necios, que non acertan a distinguir o justo do injusto, o fermo do ridículo, o lógico da bulra.

Aos que juzguen a nosa música por un aturuxo (que non é inferior en categoría a un hurra); e aos que juzguen a nosa poesía polo barbarismo d'un proletario emigrado na corte (como si non dixeran barbarismos horribles os cortesanos e como si non estiveran en imensa minoría os gallegos); a esos... Voltemos á custión.

O mais conocido dos nosos aires musicais é a «Muiñeira», que, según dí o seu nome, aprópiase a unha muñeira, epigramática por demais nas estrofas. O ritmo e triplo (seis por oito) e o tempo de rigodón.

Ten gran parecido cas melodías dos «highlanders», de Escocia, non obstante éstas sean mais lentas.

Mais genuino que a «Muiñeira» é o «Cantar do pandeiro», gallego de pura raza. Vibran os seus ecos ao son do pandeiro e das cunchas (as «alegres cunchas» de Ossian). Acompaña á triada bárdica, estrofa de tres versos, o deradeiro dos cuales presta asunto pra estrofa que sigue: admirabre continuidade de Teócrito, Virgilio e do cantor de Fingal.

O aire é algo vivo, e os períodos son de tres compases a ritmo doble (dous por catro).

O «alalá», originario dos vales do Ulla, deitan no espírito unha fruição comparabre á que se siente contemplando aquelas comarcas sin igual. E onde tiña de brotar ese eco de amor e sentimento sinón na terra de Mosoncio o da «Salve Regina», de Macias o das «Cantigas», de Rodriguez de Padrón, o das «Saudades»?

As suas notas son lentas, e o remate de cada verso prolóngase como un suspiro. A derradeira cadencia ten unha vaguedade indefinibile, e asoméllase as que técnicamente chámase «plagales», que tanto halagan ao oído e o corazón nos coros d'unha basílica.

Cando irradia a aurora d'unha festa, ceiba a gaita suas voces mais alegres e joguetonas, e das juventiñas gorgas femeninas exhalase a caprichosa e fantástica «Alborada».

Ningún canto da mañán resiste a comparación con ese hino ao novo sol. E tan original como perfecto, e así constitui o solaz do labrego como merece o estudio do crítico.

Mais é impossíbel seguir unha por unha todas as manifestacións do genio musical popular da Galicia.

Cantos da serra e da praia, «Maios» e «Mariñeiras», propios ja d'unha solemnidade, como d'unha romería, sentimentaes, chispeantes e ligeiros, forman unha colección a mais abundante.

O carácter dos celtas trascende n'eles con toda caridade: aparte da sua índole lírica, confirma-o a circunstancia de ser as mulleres as que case que sempre falan nas cantigas. Non deixan de arreparar n'esto a perspicacia de Sarmiento e outros escritores, que atoparon aquí un dato mais pra definir o agradabre tipo da muller gallega.

Non temos cantos guerrieros. As bru-

mas do Norte e Occidente convidan á tristura e á contemplación.

Que esto é propiedade común das pátrias que acobilla o mesmo ceo e que guardan a mesma historia, probárono feito de ser tan somellantes os aires populares de uns e outros países. Compárense sinón o «Alalá» da Galicia e a «Derradeira rosa do vrao» de Irlanda. Por algc tiña de chamarse a nosa terra a Erin.

Tamén Roma, Capua, Terracina e outras comarcas italianas, en especial o Piamonte, poden reclamar pra os seus cantos a sembranza dos mortos.

Os andantes das ribeiras do Ulla son irmáns dos que vagan antre as brisas da pátria do arte.

Os aldeáns da Italia alongan a derradeira nota das suas cantigas tanto como lles permite o pulmón. Nós falaremos da Galicia citando a mesma cantiga que dí:

O cantar do galleguño  
E cantar que nunca acaba,  
Qu'empeza por tailalila  
E acaba por tailalalaaaa...

Unha cousa que non deixará de ferir vivamente a atención de un oido ben educado na música, é a identidade de inspiración que se advierte en algunas (de abondo) das melodías populares da Galicia e nas obras dos grandes mestres alemáns.

O feito existe: nós non nos atrevemos a dilucidar o «porqué» ou o «como» existe.

Nos comenzos da nosa juventude, cando adeprendemos a amar a Galicia, remexendo libros na risona Tuy, chegaba a nós o eco lonxano d'unha cántiga que repetían cada aurora as labregas da fértil e amena Vega d'Ouro; cantiga cuia audición fixosenos unha nesciadade tal era o encanto crecente que nos causaba! Imposible foi sempre o percibir a letra, pola distancia; mais aquela música original, frase sia fin, que non tiña outra conclusión que o cansancio das inconscientes artistas, aquela música tan notabre polo, fermosa como pola boa, quedou profundamente impresa na nosa memoria. Un día oido o violin de Monasterio e o piano de Guelbenzu, escotámos as mesmas notas do cantar da veiga que bica o Miño.

Coidamos ser víctimas de unha ilusión, e ante o asombro e o afán da verdade, leímos unha e mil veces o «Spannito». Non cabía dúbida: as campesiñas de Tuy ejecutaban o primeiro andante do cuarteto 76 de Haydn.

Este descubrimiento levounos a outros. A mesma filosofía que presidiu á creación do cuarteto pola genio alemán, presidiu á composición dos aires populares gallegos que desenrolan o tema no «andante» e no «allegro» que agüela lle sigue.

Non sería difícil establecer sembranzas con «scherzos» do inmortal Beethoven.

Contentarémo-nos con indicar a cantinela de Aninovo, pra que calquera crítico que queira, poda comparala con un andante de Mozart, escollido á ventura entre os que inmortalizaron o «Don Johan» e as «Noces de Figaro».

Nos días de festa solemne, óise tamén en Tuy unha especie de hino ou marcha que ejecuta un trío de instrumentos de madeira na Catedral. Non sabemos seu orígen e sua historia; mais non ignoramos que así era a marcha

imperial de Carlos V. conocida pola «Prusiana».

Os coros da «Sonámbula» de Bellini, diríase que foron calcados sobre a «Muiñeira».

A pregaria de «Moisés» de Rossini, é filla das nosas montañas do Norte.

A canción de Perico en «Linda de Chamounix» de Donizetti, parece roubaada á nosos pescadores.

Non son, pois, tan malos os motivos musicales de Galicia, cando se ven reproducidos polos talentos das duas trinidades artísticas da Alemania e a Italia. E non se diga que nós trouxemos d'állo aos nosos lares: esquerendo a ridiculez do aserto † de qué se nos podía tachar? Certamente, de moi só gusto.

Réstanos un párrafo en que citar outra identidade de inspiración musical, a mais fácil de facerse palpable, gracias ao éxito inmenso e á popularidade que alcanza ao presente unha das duas obras que comparamos. Escotádase a «Alborada gallega». Escotádase despois a «Danza de bacantes» de Gounod. A unha é a outra. O público da corte, que non se distingue por galante con Galicia, apraude con todo o calor do entusiasmo no hino á Aurora, ao apraúdir a fermosa página do émulo de Bach.

«Mientras todas as naciones e ainda as pequenas comarcas recollen con avidez canto ven do fresco e puro brando do pobo, miramos na Galicia con desdén tales cousas e témolas por indignas da nosa atención».

Estas verbas de Murguía son desgraciadamente moi certas.

Si a elas añadimos que até os «gaiteiros se civilizan» e tocan «Traviata» en vez da «Muiñeira», comprenderáse que estamos no perigo de perder un veneno de riqueza, ao sepultar no olvido a nosa música popular.

Nos tomos I e II da «Historia de Galicia» e na revista de Madrid «El Telegrama» ténense publicados cantos gallegos. Mais de nada sirven os esforzos illados, por generoso que sea o pensamento. Urge o perpetuar ca anotación as melodías populares de Galicia, e agrupal-as nun libro, que podíamos amostrar con orgullo a os ollos da Europa musical.

A empresa non é difícil «choxe», nin os medios son costosos, nin en fin se tacha de indigno de tantos afáns, anque estos foran traballos d'Hércules.

Haxa unión entre algúns artistas disseminados por Galicia, e todo é feito, porque «a unión é forza».

† VESTEIRO TORRES

## Un discurso notable

Con motivo de homenaxe que a Consecución Arenal se lle ten feito no Ferrol, Narciso Correal dou unha nova prova do moito que val com'orador.

Este cultísimo letrado e conocido escritor pronunciou un discurso cheio d'elocuencia. Foi un modelo de bô decir.

Cantos tiveron a satisfacción d'oir a Narciso Correal, aseguran que ningún podería superarlle na elocuencia e na beleza das frases.

Nós dámosselle a nosa embora más sincera o gran artista da palabra.

Faise cárrego de todas  
cras de traballos grá-  
ficos, en imprenta, litog-  
rafia e fotograbado,  
ansí como sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAFADO

Teléf. 434

A CRUÑA

## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diproma de Hono-  
re, Gran premio e me-  
dalla d'ouro nas Exposi-  
cós de París  
e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell Vigo  
Coruña



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,  
Montevideo e Bos-Áires


*O dia 23 de Febreiro de 1920, aprosimadamente e salvo continxencias, sairá do porto  
da CRUÑA o paquebot correio francés*

### Semara

Admite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60  
Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixón, 2.—A CRUÑA



## Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da  
CRUÑA sobor do 2 de Febreiro, o lixeiro e magnífico vapor

## Amiral Villaret de Gozeuse

Admite pasaxeiros de cámara e 3.<sup>a</sup> cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 359'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 años, chauadas polos seus maridos, non poderán embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolle o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados ante os Cónsules hespañois.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

**ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA**

**EFEKTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA — SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xenerais pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102 — A CRUÑA

O novo dono dista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locios e fríciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopara o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD**  
**CASA DE BAÑOS**  
A MILLOR DA CRUÑA  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)**Compra e Venda**  
de máquinas de coser de todol-os sistemas.

Reparaciós e amanío das mesmas. Venda de pezas soltas, agúllas e aceites.

Taller de reloxería: Traballois especiaes para reloxeiros  
Dirixirse a**MANOEL PELLEJERO**

San Andrés, 76 - baixo — A Cruña

**Materiales de Construcción**CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS — CARBÓN  
Centro Xeneral de SegurosIgnacio Pedregal  
NA CRUÑA**Gran H. Universal**Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO  
O MAIS NOVO E MILLO

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece sur visitado

**Frábica Mecánica**  
:- de Calzado :-

— DE —

**ANXEL SENRA****RUA XUAN FLOREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**Hotel Continental****CASTELAR, 8 e OLMOS, 28**

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos astabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrebro ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correo



## Prezos do pasaxe (incruidol-os impostos)

		Habana	Veracruz
Primeiracrase	Ponte paseo:		
	Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Ponte superior:	Id. estriores. . . . .	» 1.668'75	1.753'75
	Camarotes estriores. . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Ponte inferior . . . . .	Id. interiores. . . . .	» 1.293'75	1.378'75
	» 1.293'75	1.378'75	
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.088'75	
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60	
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60	343'60	

O dia fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseñe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario

D NICANDRO FARÍÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


**Xuan Vázquez Pereiro**

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua  
estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todolos días  
unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes  
como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o  
mais cativo cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Per qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse  
côs millores productos i-a limpeza mais eisquisitas.

PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS



**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais:  
A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursais na Cruña:  
Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:  
Circo, núm. 5

Todas as nosas sucursais ostentan un  
letrero como sinal, qu' é reprodución da  
marca de garantía eiqui estampada.

Recibense encárgos de fora, y es-  
pidense por medio das nosas sucursais.

Si no lugar onde vostede reside  
non-a hay, sirvase manifestarnos seus  
desechos de mandárenos os seus encá-  
rregos.

## Os viños e coñás millores

son os que se exporta a casa de PEDRO DOMECH, de Xerez  
Fronteira, fundada en 1734. A casa más antigua de Xerez.

## O vermouth mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (Torino),


## Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheros exportadores Señores  
R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equita-  
tiva.—MADRID.

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA



## EL NOROESTE

### XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)

## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina  
polos acreditados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO